**Obxectivo 6:** Contribuír a formar a personalidade literaria dos alumnos e alumnas, ó converter a lectura nun instrumento que axuda á socialización e á estruturación do mundo a partir de textos literarios.

|                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |                     |                     |
|-----------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------------|
| <b>Acción 1</b>             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |                     |                     |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                     |                     |
|                             | <b>1º TRIMESTRE</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <b>2º TRIMESTRE</b> | <b>3º TRIMESTRE</b> |
| <b>Indicador</b>            | Lectura de textos, artigos de prensa e contidos dixitais, e posterior posta en común e debate no grupo-clase.                                                                                                                                                                                                        |                     |                     |
| <b>Responsables</b>         | Todos os mestres, mestras e profesorado das materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Inglesa do centro.                                                                                                                                                                                                    |                     |                     |
| <b>Recursos e materiais</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Libros de investigación e consulta</li> <li>- Recursos dixitais: Ordenador ou Snappet...</li> <li>- Revistas e periódicos. Formamos parte do Programa Prensa Escuela da Voz de Galicia e recibimos 10 exemplares do xornal, todos os mércores de outubro a maio.</li> </ul> |                     |                     |

| Obxectivo 7 : Aprender a seleccionar a información que nos ofrecen os libros. |                                                                                                                                                                                      |              |              |
|-------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|
| Acción 1                                                                      | Esquema, resumo e subliñado das ideas principais dun texto literario, artigo temático ou novas de prensa.                                                                            |              |              |
|                                                                               | Temporalización                                                                                                                                                                      |              |              |
|                                                                               | 1º TRIMESTRE                                                                                                                                                                         | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
| Indicador                                                                     | Saber extraer ideas principais dun texto.                                                                                                                                            |              |              |
| Responsables                                                                  | Equipo de dinamización da biblioteca e todos os mestres, mestras e profesorado do centro.                                                                                            |              |              |
| Recursos e materiais                                                          | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revistas especializadas</li> <li>- Periódicos</li> <li>- Libros de lectura</li> <li>- Recursos dixitais: ordenador ou Snappet...</li> </ul> |              |              |

## 13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a             | Horas<br>redución | Nivel/Especialidade |
|--------------------------------|-------------------|---------------------|
| Pilar Bastón Dacosta           | 0                 | Selecione           |
| Nome equipo apoio/dinamización |                   | Nivel/Especialidade |
| Diana Oubel                    |                   | E.Infantil          |
| Carlos Cabadas                 |                   | 4º e. primaria      |
| Francisco Estévez              |                   | 5º e. primaria      |
| Beatriz Malvido                |                   | 4º ESO              |
| Elena Fraga                    |                   | 3º ESO              |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| Obxectivo: Mellorar a nosa formación dixital , na creación de recursos e o seu uso. |                                                                                                                                                                                                               |                                          |                                          |
|-------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|------------------------------------------|
| Acción 1                                                                            | Divulgar entre os docentes os recursos dixitais dos que dispoñemos no centro.                                                                                                                                 |                                          |                                          |
|                                                                                     | Temporalización                                                                                                                                                                                               |                                          |                                          |
|                                                                                     | 1º T <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                 | 2º T <input checked="" type="checkbox"/> | 3º T <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador                                                                           | Continuar a formación de Polos Creativos.<br>Número de rexistros que se realizou no curso.<br>Organización e trasvase dos recursos que temos para un espazo común.<br>Mantenemento e seguimento deste espazo. |                                          |                                          |
| Responsables                                                                        | Coordinador TIC e profesorado en xeral.                                                                                                                                                                       |                                          |                                          |
| Recursos e materiais                                                                | Equipamentos dixitais propios e de aula.<br>Pizarra dixital nas aulas.                                                                                                                                        |                                          |                                          |

|                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                                 |               |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|---------------|
|                             | Proxectores.<br>Rede wifi e cableado.Materiais de Polos Creativos.                                                                                                                                                                                                              |                                                 |               |
| <b>Acción 2</b>             | Adicar un tempo de traballo a formación e creación dixital.                                                                                                                                                                                                                     |                                                 |               |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                 |               |
|                             | <b>1º T x</b>                                                                                                                                                                                                                                                                   | <b>2º T x</b>                                   | <b>3º T x</b> |
| <b>Indicador</b>            | Cursos de formación aos que están inscritos unha parte do profesorado este curso.<br>Implicación do 50% do profesorado no uso da páxina web e do espazo compartido de recursos.<br>Curso de formación de Polos Creativos no Cefore de Vigo para ameirande parte do profesorado. |                                                 |               |
| <b>Responsables</b>         | Coordinador TIC e profesorado disposto a participar neste obxectivo.                                                                                                                                                                                                            |                                                 |               |
| <b>Recursos e materiais</b> | Páxina web.<br>Páxina de recursos.<br>Equipamento informático.<br>Tempo de adicación.                                                                                                                                                                                           |                                                 |               |
| <b>Acción 3</b>             | Utilizar a tecnoloxía para deseñar e xestionar proxectos interdisciplinares                                                                                                                                                                                                     |                                                 |               |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                 |               |
|                             | <b>1º T <input type="checkbox"/></b>                                                                                                                                                                                                                                            | <b>2º T <input checked="" type="checkbox"/></b> | <b>3º T x</b> |
| <b>Recursos e materiais</b> | Todos aqueles necesarios para traballar en dixital.<br>Material funxible e non funxible para levar a cabo os proxectos.<br>Medios audiovisuais para montaxes e pequenos documentais.                                                                                            |                                                 |               |

## 14. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

| Nome Coordinador/a             | Horas<br>redución | Nivel/Especialidade        |
|--------------------------------|-------------------|----------------------------|
| Carlos Lobelle Carús           | 0                 | E.S.O/Educación Física     |
| Nome equipo apoio/dinamización |                   | Nivel/Especialidade        |
| Francisco Estévez Pereira      |                   | Primaria/ Educación Física |
|                                |                   | Selecione                  |
|                                |                   | Selecione                  |
|                                |                   | Selecione                  |

| Obxectivo: Actuar (o centro) como dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable. |                                                                                      |                           |               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|---------------|
| <b>Acción 1</b>                                                                                |                                                                                      |                           |               |
|                                                                                                | <b>Temporalización</b>                                                               |                           |               |
|                                                                                                | <b>1º T X</b>                                                                        | <b>2º T X</b>             | <b>3º T X</b> |
| <b>Indicador</b>                                                                               | -Alumnos/as que toman froitra nos recreos.                                           |                           |               |
| <b>Responsables</b>                                                                            | Carlos Lobelle Carús                                                                 | Francisco Estévez Pereira |               |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                                    | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet. |                           |               |

|                             |                                                                                      |               |               |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|
| <b>Acción 2</b>             |                                                                                      |               |               |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                               |               |               |
|                             | <b>1º T X</b>                                                                        | <b>2º T X</b> | <b>3º T X</b> |
| <b>Indicador</b>            | -Alumnos/as anotados en torneos e retos deportivos                                   |               |               |
| <b>Responsables</b>         | Carlos Lobelle Carús, Francisco Estévez Pereira                                      |               |               |
| <b>Recursos e materiais</b> | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet. |               |               |

|                             |                                                                                      |               |               |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|
| <b>Acción 3</b>             |                                                                                      |               |               |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                               |               |               |
|                             | <b>1º T X</b>                                                                        | <b>2º T X</b> | <b>3º T X</b> |
| <b>Indicador</b>            | -Alumnos/as que se asean despois da actividade física.                               |               |               |
| <b>Responsables</b>         | Carlos Lobelle Carús, Francisco Estévez Pereira                                      |               |               |
| <b>Recursos e materiais</b> | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet. |               |               |

|                                                                                 |                                                                                                                       |                           |               |
|---------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|---------------|
| <b>Obxectivo:</b> Fomentar a actividade física dentro e fora do horario escolar |                                                                                                                       |                           |               |
| <b>Acción 1</b>                                                                 |                                                                                                                       |                           |               |
|                                                                                 | <b>Temporalización</b>                                                                                                |                           |               |
|                                                                                 | <b>1º T X</b>                                                                                                         | <b>2º T X</b>             | <b>3º T X</b> |
| <b>Indicador</b>                                                                | -Levar aos alumnos pola contorna a través de pequenas andainas                                                        |                           |               |
| <b>Responsables</b>                                                             | Carlos Lobelle Carús                                                                                                  | Francisco Estévez Pereira |               |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                     | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet.                                  |                           |               |
| <b>Acción 2</b>                                                                 |                                                                                                                       |                           |               |
|                                                                                 | <b>Temporalización</b>                                                                                                |                           |               |
|                                                                                 | <b>1º T X</b>                                                                                                         | <b>2º T ☒</b>             | <b>3º T X</b> |
| <b>Indicador</b>                                                                | -Fomentar a utilización de bicicletas , patinetes e outros medios de transporte para realizar o traxecto casa colexio |                           |               |
| <b>Responsables</b>                                                             | Carlos Lobelle Carús, Francisco Estévez Pereira                                                                       |                           |               |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                     | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet.                                  |                           |               |

| Obxectivo: Fomentar patios dinámicos |                                                                                                       |                           |        |
|--------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|--------|
| Acción 1                             |                                                                                                       |                           |        |
|                                      | Temporalización                                                                                       |                           |        |
|                                      | 1º T X                                                                                                | 2º T X                    | 3º T X |
| Indicador                            | -Utilizar material de E Física para promover patios dinámicos nos alumnos de Ed Primaria e Secundaria |                           |        |
| Responsables                         | Carlos Iobelle Carús                                                                                  | Francisco Estévez Pereira |        |
| Recursos e materiais                 | Instalacións deportivas do centro e material da materia de Educación Física, Tablet.                  |                           |        |

## 15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 15.1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

| Nome Coordinador/a             | Horas redución | Nivel/Especialidade                              |
|--------------------------------|----------------|--------------------------------------------------|
| Ana María García Otero         | 0              | Profesora Lingua Galega ESO                      |
| Nome equipo apoio/dinamización |                | Nivel/Especialidade                              |
| Esther García Bermúdez         |                | Prof. Lingua Galega e Lingua Castelá E. primaria |
| Francisco José Durán Rodríguez |                | Profesor E. infantil                             |
| Carlos Cabadas Fernández       |                | Profesor E. primaria                             |
| Marta Fernández Tresandi       |                | Profesora E. primaria                            |
| Esther García Bermúdez         |                | Profesora E. primaria                            |

### 15.2. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Os obxectivos propostos polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o curso 2024- 2025 fóronse conseguindo en maior ou menor medida. Entre eles, foron obxectivos prioritarios que o noso alumnado acadase un nivel de competencia suficiente nas dúas linguas oficiais (galego e castelán) nos seus ámbitos oral e escrito, así como tamén se promoveron medidas destinadas a favorecer o uso do galego en múltiples ámbitos (dentro e fóra do centro), dun xeito normalizado, e por toda a comunidade educativa, para corrixir a situación social de desigualdade entre os dous idiomas.

Ben é certo que se observa un notable descenso no nivel de uso da nosa lingua por parte do alumnado e cada vez custa máis que adquiren a competencia suficiente. Non é de estrañar indo como van estes dous aspectos estreitamente ligados e incidindo, xa que logo, un no outro de forma directa.

Entre os programas e actividades levados a cabo para a o fomento da lingua galega, están os seguintes:

## EDUCACIÓN INFANTIL

- En **educación infantil** levouse a cabo o proxecto **Chiquichef**, baseado na saúde nutricional e relacionado directamente co lema do curso, **Facendo memoria**. Nel traballáronse a conciencia corporal e o respecto polo propio corpo; a actividade e o xogo; o coidado persoal e a saúde; a linguaxe verbal, plástica e músico-corporal, a través das distintas actividades que tiveron como proposta final a posta en marcha dun restaurante nas aulas. Fíxose tamén un receitairo no que os alumnos traían a clase fotos e información de cada receita. Este proxecto resultou moi didáctico e enriquecedor, tanto para o alumnado como para as familias.
- Tamén en **educación infantil** se fixo un contacontos titulado “**Martín e o lapis máxico**” e no festival de Nadal representaron a obra “**Polo camiño**”. Tanto o contacontos como o teatro en galego son actividades excelentes para que os máis pequenos tomen contacto coa nosa lingua e se vaian familiarizando con ela.

## 1º E. PRIMARIA

- En **primeiro de primaria** desenvolveuse o proxecto **Cóntame un conto** no que, a través da lectura de diferentes contos, se traballou tanto a expresión oral como a escrita, promovendo a lectura e a comprensión en galego. Aproveitouse para traballar tamén a exposición e dramatización representando na clase os contos traballados. Estas actividades tiveron moi boa acollida por parte dos alumnos.
- Asimesmo, en **primeiro** traballaron no proxecto **Teño unha carta para ti** ao longo de todo o curso. Nel os alumnos e alumnas escribíronse cartas entre si e coas súas familias. Así traballaron a expresión escrita en galego e a carta como medio de comunicación entre as persoas. As familias tomaron conciencia da importancia do uso do galego cos seus fillos e netos en procura dun emprego máis normalizado.
- En gran grupo e de xeito individual traballouse o vocabulario en lingua galega das diferentes estacións do ano.
- Como recursos dixitais utilizáronse as ferramentas Kahoot, Canva e Genially.

## 2º E. PRIMARIA

- Proxecto “**As palabras do Outono**”: coñeceron vocabulario relacionado coa fauna, flora e costumes de Galicia aproveitando as celebracións do **Magosto** e do **Samaín**.

Dende estas palabras traballaron a expresión escrita, a lectura e a segmentación e clasificación das palabras, así como as palabras individuais e colectivas. Foi un acerto ambientar o proxecto nestas dúas celebracións tan significativas e divertidas para o alumnado.

- No proxecto “**Arriba o telón**” traballouse a expresión oral, a oratoria, proxección da voz, timidez, as habilidades sociais, a cohesión do grupo, a interpretación. As obras que representamos son “**Corre corre cabaciña**” e “**El Bosque Mágico**”.
- Obradoiro de **improvisación teatral**: relacionado coa actividade anterior traballouse a improvisación para a resolución de conflitos na aula, e para reforzar a cooperación e o respecto entre o alumnado. Utilizáronse dous baús con disfraces e atrezzo variados. Constatouse que o teatro é un recurso moi adecuado e rico no que o alumnado traballa múltiples aspectos, tanto no plano académico como no personal, importantísimos no desenvolvemento integral da persoa.
- **Expresión oral, oratoria**: Coñecemos a figura de Rosalía a través dos seus poemas. Traballamos a creación literaria sobre diferentes elementos da paisaxe de Galicia e sobre a escritora. Buscouse información sobre a súa vida e fíxose unha presentación de audio e video coa lectura dos seus poemas.
- Proxecto “**O azucre agochado**”: relacionado co proxecto de centro “SAFASAÚDE” achegouse información sobre a importancia do azucre na nosa alimentación, os consellos de consumo da OMS e o perigo de consumir alimentos procesados. Para facer este proxecto utilizáronse as imaxes dun fotógrafo atopado en Internet sobre o azucre agochado.
- Proxecto “**Adózate con mel**” : coincidindo co día da abella, e relacionado co proxecto anterior, fíxose un libro de lapelas cuxa temática xirou entorno aos beneficios das abellas e do seu valor nutricional, así como algunhas curiosidades e importancia destes insectos. Gañamos o primeiro premio dos colexios do Morrazo.
- Proxecto divulgativo “**De viaxe pola comarca**”: relacionado co anterior proxecto cada alumno/a fixo un vídeo en galego dun lugar de interese da súa contorna e dunha paisaxe natural.
- Proxecto “**Cóntame un cadro**”: Aproveitáronse cadros de recoñecidos pintores e pintoras para crear historias e coñecer outras épocas.
- Proxecto “**Experimentos en familia**”: Cada alumno/a elixiu dun libro de experimentos o que máis lle gustou e intentou facelo en familia. Buscamos fomentar unha relación máis cercana coas familias e unha maior implicación na aprendizaxe dos seus fillos e fillas. Todos os experimentos foron gravados polas familias.
- Lectura e creación de **poemas en lingua galega**.
- “**Os animais falan nas nosas historias**”.
- Historias cooperativas a partir de imaxes, tarxetas ou xogos **de construción de contos en grupos variables**.
- **Creación de historias** a partir de actividades iniciais, ou das diferentes partes dunha historia.

- **Historias absurdas.**
- **Organigramas para elaborar pequenos relatos.**
- **Creatividades léxica.**
- **Creación de palabras e definicións.**
- **Dominó de palabras** encadeadas a partir de imaxes.
- **Xogos e actividades manipulativas** en relación cos contidos curriculares.
- **Adiviñas e xogos de improvisación. Expresión oral.**

## 1º e 2º E. PRIMARIA: ACTIVIDADES CONXUNTAS

### DÍA DE ROSALÍA

- Co gallo da festividade de Rosalía de Castro @s alumn@s de 1º e 2º de EP elaboraron de forma conxunta un **collage** sobre a escritora utilizando diferentes materiais de reciclaxe.
- Tamén se fixeron **caligramas con fragmentos da obra** da autora e outros elaborados polos propios alumn@s.
- Gozamos da actuación da compañía **Polo correo do vento** co espectáculo “**As nosas letras**”.
- Certame de poesía “**A primavera das Letras**”.

### DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Este ano estivo adicado á escritora Mª Luisa Villalta, realizáronse dentro da aula de 1º varias actividades relacionadas coa súa vida e obra así como unha pequena exposición do traballado.
- De forma conxunta @s alumn@s de 1º e 2º de EP recitaron unhas verbas no que ao final da actuación se representaba a bandeira de Galicia.

## 3º E. PRIMARIA

- No día de Rosalía, asistiron á actuación da compañía **Polo correo do vento** co espectáculo “**As nosas letras**”. Ao rematar, participaron nun obradoiro no que realizaron unha caricatura de Rosalía. Resultou ser unha actividade moi completa e satisfactoria para nenos e profesores.

- Elaboración dun Roll Playing: gravación de información meteorolóxica creada polos alumnos sobre o mapa de Galicia coa axuda de iconas relativas á climatoloxía como parte dun informativo de TV.
- Certame de poesía no Día de Rosalía, "**A primavera das Letras**".
- Actividades cooperativas para traballar a comprensión lectora e a expresión oral. Selección de textos de diferentes características con técnicas variadas (semáforo, binomio...)
- Lecturas colectivas levadas a cabo nos dez primeiros minutos das sesión: ***Como está o galiñeiro!, As cousas de Berta.***

#### 4º E. PRIMARIA

- **Uso das Snappet:** Ao longo de todo o curso, os alumnos de 4º de Educación Primaria tiveron a oportunidade de mergullarse nunha experiencia enriquecedora ao utilizar as Snappet como ferramenta para traballar a lingua galega. As Snappet son unha plataforma educativa baseada nas novas tecnoloxías, deseñada especificamente para proporcionar unha aprendizaxe interactiva e adaptada ás necesidades individuais dos estudantes. A través das Snappet, os alumnos puideron acceder a unha ampla variedade de actividades e exercicios en lingua galega, que lles permitiron practicar o vocabulario, a gramática e a comprensión lectora. A plataforma adaptouse ao nivel de cada estudante, ofrecendo tarefas e retos acordes ás súas habilidades e coñecementos.
- **Letras Galegas:** Os alumnos de 4º EP realizaron un traballo sobre o Día das Letras Galegas do 2023, investigando sobre Francisco Fernandez del Riego. Compartiron os seus proxectos cos compañeiros do aula. Foi unha experiencia enriquecedora para coñecer a literatura galega.
- No Día de Rosalía asistiron á actuación da compañía **Polo correo do vento** co espectáculo "**As nosas letras**" e participaron no certame de poesía "**A primavera das Letras**".

#### 5º E. PRIMARIA

- **Booktoubert:** recomendacións de lecturas aos seus compañeiros e aos usuarios das redes sociais, que se gravaron na biblioteca e algunhas delas foron colgadas en Instagram e Facebook.
- Exposicións orais sobre temas dados ou elixidos, tanto en lingua galega como en castelá durante un minuto.

- Participación no certame literario promovido por Faro de Vigo, “**Escola en Camiño**”.
- Participación no Certame Literario de Poesía celebrado no colexio polo **Día do Libro**.
- Participación no certame literario “**A primavera das Letras**” celebrado no colexio.
- Lectura conxunta e reflexión sobre o libro ***Jacobo no es un pobre diablo***
- Debido ós ensaios finais non deu tempo a rematar o libro e quedaron dous capítulos sen ler. Para o alumnado foi desilusionante non poder ler o final.

## 6º E. PRIMARIA

- Lectura e reflexión do libro de Fina Casalderrey; ***O xenio da cidade da sal***, que conta a viaxe no tempo de Mozart a Galicia e audición do CD. Debido ós ensaios finais para o festival, non deu tempo ler os dous últimos capítulos, o cal deixou o proxecto sen rematar.
- Exposicións orais sobre temas dados ou elixidos, tanto en lingua galega como en lingua, castelá durante un minuto.
- Participación no certame literario promovido por Faro de Vigo, “**Escola en Camiño**”.
- Participación no certame literario de Poesía celebrado no colexio polo Día do Libro.
- Participación no certame literario “**A primavera das Letras**” celebrado no colexio.
- O proxecto “**A camelia**” relacionado co proxecto xeral de centro Safasaude, no que alumnado fixo un labor de investigación sobre os camelios e a camelia. Recolleron as sementes. Coñeceron o centro fitopatolóxico do Areeiro en Lourizán onde se elabora o aceite coas sementes do camelio e con el fixeron un agasallo para o día da nai. Con el entregaron tamén as súas propiedades. Coa casca das sementes tamén fixeron un broche como agasallo.
- **Semana do cómic**: proxecto de dúas semanas de duración onde coñeceron e elaboraron un cómic por parellas. A continuación elixíronse os gañadores.

## 1º ESO

- En Lingua Galega realizouse o proxecto ***Que vos vou contar?***, desenvolto durante todo o curso, no que cada alumno expuxo un tema durante uns minutos co fin de gañar confianza en si mesmo á hora de falar en público. Pouco a pouco, as exposicións foron gañando en dificultade para mellorar a expresión oral e as habilidades para documentarse e seleccionar e organizar a información de maneira eficaz. Resultoulles moi enriquecedor porque utilizaron a lingua galega e desenvolveron habilidades en oratoria.
- Tamén representaron no Día das Letras Galegas a obra de teatro “**Querido Paco**” baseada na vida de Francisco Fernández del Riego na que todos participaron con entusiasmo e aprenderon moitas cousas da vida do homenaxeado.
- Participación no certame literario “**A primavera das Letras**” celebrado no colexio.
- Participación no certame literario de Poesía celebrado no colexio polo Día do Libro.

## 2º ESO

- Participación no certame literario **"A primavera das Letras"** celebrado no colexio.
- Participación no Certame Literario de Poesía celebrado no colexio polo Día do Libro.

## 3º ESO

- Os alumnos e alumnas de 3º de ESO participaron no **certame de Regueifas** organizado polo Concello de Cangas, para o cal o regueifeiro Pinto de Herbón realizou dous obradoiros previos no colexio. Os alumnos e alumnas seleccionados foron regueifar con outros colexios ao auditorio de Cangas. Foi unha oportunidade única para traballar a competencia en Lingua galega e para mergullarse neste tipo de creacións tan nosas e, ao mesmo tempo, tan universais.
- Participación no certame literario **"A primavera das Letras"** celebrado no colexio.
- Participación no Certame Literario de Poesía celebrado no colexio polo Día do Libro.

## 4º ESO

- Participación no certame literario **"A primavera das Letras"** celebrado no colexio.
- Participación no Certame Literario de Poesía celebrado no colexio polo Día do Libro.

## SAÍDAS CULTURAIS

Tamén se realizaron diversas visitas didácticas e culturais realizadas a entidades da nosa contorna e de fóra dela que resultaron moi interesantes para os alumnos e nas que participaron

## INFANTIL

- ABANCA PONTEVEDRA para ver **"Vexo,vexo! Que ves?"** cun taller de robótica, exposicións...

## 1º E. Primaria

- **GRANXA ESCOLA MUSICAL CORAZÓN DE CARBALLO** (natureza, artesanía, rastrexos, aventuras, xogos tradicionais, musicarte, animais e horta).

### 3º e 4º E. Primaria:

- **Granxa de Xanceda:** Os alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria visitaron a Granxa de Xanceda, onde aprenderon sobre o traballo cos animais e practicaron vocabulario en Lingua Galega. Coñeceron as vacas que producen leite orgánico, interactuaron cos animais e pasearon polos xardíns da granxa. Foi unha experiencia educativa e divertida que lles permitiu afianzar o seu coñecemento da Lingua Galega.
- **Cocedoiro Marcelino:** Os alumnos de 3º e 4º de Primaria tiveron a oportunidade de visitar o Cocedoiro de Mellixóns de Marcelino. Foi unha experiencia fascinante onde puideron aprender sobre o proceso de cocción dos deliciosos mexillóns. Os nenos puidemos ver en primeira persoa como se preparan e cociñan os mariscos. A visita tamén nos permitiu coñecer a importancia do marisqueo e valorar o traballo dos mariscadores.

### 1º e 2º ESO

- Visita ao Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela. O alumnado, distribuído en grupos, realizou unha xincana de preguntas, a partir da cal traballaron diferentes contidos relacionados coa etnografía, a historia, a bioloxía... galegas.

Tamén se promoveu a escrita en galego redactando na nosa lingua toda a documentación, a cartelaría, os avisos e comunicados, etc.

#### PROPOSTAS DE MELLORA

Neste apartado, consideramos importante reseñar que, a fin de normalizar en maior medida o uso do galego no centro, faise necesario utilizar máis a nosa lingua en espazos comúns fóra da aula (corredores, patio, comedor, salón de actos, biblioteca, secretaría...) por parte do profesorado e do persoal non docente, quitándolle ao idioma ese carácter unicamente académico que xa ten para moitos alumnos e alumnas e asociándoo con usos máis coloquiais e espontáneos.

Tamén consideramos que é importante fomentar, máis se cabe, os hábitos de lectura en galego, polos beneficios que supoñen para aspectos tan relevantes como a adquisición de vocabulario, a corrección ortográfica, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas, o fomento da imaxinación e a creatividade, o aumento da concentración...

Por último, propoñemos fomentar máis a implicación das familias no proceso normalizador, aproveitando o lema deste curso, ***Facendo memoria***, e centrando a interacción cos máis maiores, como depositarios e transmisores das nosas tradicións e da nosa lingua.

### 15.3. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

| Obxectivo 1: Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do idioma é fundamental. |                                                                                                                                                                 |                               |                                          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|------------------------------------------|
| Acción 1                                                                                                                                         | PROXECTO DE ECOLOXÍA (e. infantil)                                                                                                                              |                               |                                          |
|                                                                                                                                                  | Temporalización                                                                                                                                                 |                               |                                          |
|                                                                                                                                                  | 1º T <input type="checkbox"/>                                                                                                                                   | 2º T <input type="checkbox"/> | 3º T <input checked="" type="checkbox"/> |
| Indicador                                                                                                                                        | Os alumnos e alumnas aprenderán a coidar o planeta, comezando pola nosa contorna, incidindo sobre todo no aproveitamento de recursos e na conciencia ecolóxica. |                               |                                          |
| Responsables                                                                                                                                     | Profesorado de ed. infantil                                                                                                                                     |                               |                                          |
| Recursos e materiais                                                                                                                             | Recursos obtidos da natureza, vídeos, cancións, poemas... e tamén material de expresión plástica.                                                               |                               |                                          |
| Acción 2                                                                                                                                         | CREAMOS ADIVIÑAS SOBRE HERBAS E HERBIÑAS (4º ed. primaria)                                                                                                      |                               |                                          |
|                                                                                                                                                  | Temporalización                                                                                                                                                 |                               |                                          |
|                                                                                                                                                  | 1º T <input checked="" type="checkbox"/>                                                                                                                        | 2º T <input type="checkbox"/> | 3º T <input type="checkbox"/>            |
| Indicador                                                                                                                                        | Relacionado co proxecto <i>Herbas, herbiñas</i> de Ciencias Naturais, crearanse adiviñas sobre algunhas herbas.                                                 |                               |                                          |
| Responsables                                                                                                                                     | Profesora titora de 4º de ed. primaria                                                                                                                          |                               |                                          |
| Recursos e materiais                                                                                                                             | Material funxible, páxinas web adecuadas...                                                                                                                     |                               |                                          |

|                      |                                                                                                    |                               |                               |
|----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-------------------------------|
| Acción 3             | CONTO COOPERATIVO (3º ed. primaria)                                                                |                               |                               |
|                      | Temporalización                                                                                    |                               |                               |
|                      | 1º T <input checked="" type="checkbox"/>                                                           | 2º T <input type="checkbox"/> | 3º T <input type="checkbox"/> |
| Indicador            | Partindo duns personaxes dados, os alumnos desenvolverán unha historia que tamén deberán ilustrar. |                               |                               |
| Responsables         | Profesora titora de 3º de ed. primaria                                                             |                               |                               |
| Recursos e materiais | Material funxible, tarxetas con personaxes...                                                      |                               |                               |

|           |                                                                                                                                                                |  |  |
|-----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|
| Acción 4  | CONTO ILUSTRADO (5º ed. primaria)                                                                                                                              |  |  |
|           | Temporalización                                                                                                                                                |  |  |
|           | 1º T <input checked="" type="checkbox"/>                                                                                                                       |  |  |
| Indicador | Elaboración dun conto ilustrado recollendo producións da tradición oral recabada nas familias (lendas, rafraneiro, trabalinguas, ditos populares, cantigas...) |  |  |

|                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
| <b>Responsables</b>         | Profesora titora de 3º de ed. primaria                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Recursos e materiais</b> | Material funxible, material de plástica (cartolinas, ceras, lápiz de cores, rotuladores...<br>Libros de contos tradicionais galegos: refraneiros, trabalinguas, lendas, ditos populares...<br>Obradoiros e concertos de grupos de cantareiras da contorna: Lembranzas da ría, Sara Malvido, Peis d'Hos... |

|                             |                                                                                                                                                                                                                                                        |               |               |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|
| <b>Acción 5</b>             | <b>VIAXANDO POR EXIPTO</b> (2º ed. primaria e 2º de ESO))                                                                                                                                                                                              |               |               |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                 |               |               |
|                             | <b>1º T</b> ☒                                                                                                                                                                                                                                          | <b>1º T</b> ☒ | <b>1º T</b> ☒ |
| <b>Indicador</b>            | Aproveitando os temas relacionados coa Historia Antiga, o alumnado de 2º de primaria e de 2º de ESO farán un proxecto conxunto sobre Exipto. Realizaranse diferentes obradoiros: construción de pirámides, nomes en xeroglifo, vasos cánopes, xoias... |               |               |
| <b>Responsables</b>         | Profesora titora de 2º de primaria e profesora de Historia de ESO.                                                                                                                                                                                     |               |               |
| <b>Recursos e materiais</b> | Lápiz de cores, tesoiras, rotuladores, cartolinas, arxila, moldes, papiros, la, tubos de papel de cociña e hixiénico, abalorios...<br>Cancións, contos, libros e documentais.                                                                          |               |               |

|                             |                                                                        |  |  |
|-----------------------------|------------------------------------------------------------------------|--|--|
| <b>Acción 6</b>             | <b>NAVEGANDO COAS EMOCIÓN: EMOCIÓNATE COAS ARTES</b> (3º ed. primaria) |  |  |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                 |  |  |
|                             | <b>1º T</b> ☒                                                          |  |  |
| <b>Indicador</b>            | O alumnado traballará coas emocións a partir da música e da pintura.   |  |  |
| <b>Responsables</b>         | Profesora titora de 3º de ed. primaria                                 |  |  |
| <b>Recursos e materiais</b> | Material funxible, páxinas web adecuadas...                            |  |  |

|                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |               |               |
|---------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------|
| <b>Acción 7</b>     | <b>A NOSA TRADICIÓN É O NOSO TESOURO</b> (alumnado de primaria e ESO)                                                                                                                                                                                                                           |               |               |
|                     | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                                                          |               |               |
|                     | <b>1º T</b> ☐                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <b>2º T</b> ☒ | <b>3º T</b> ☒ |
| <b>Indicador</b>    | Aproveitando que este ano se lles adican as Letras Galegas ás cantareiras e ao cancionero popular galego, imos traballar desde distintos ámbitos este tema: creación literaria, obradoiros de cantareiras, teatro coa recreación dunha taberna antiga onde se cantarán cancións tradicionais... |               |               |
| <b>Responsables</b> | Profesorado da comisión encargada da celebración da Letras Galegas                                                                                                                                                                                                                              |               |               |

|                             |                                        |
|-----------------------------|----------------------------------------|
| <b>Recursos e materiais</b> | Recursos dixitais, contos, cancións... |
|-----------------------------|----------------------------------------|

| <b>Obxectivo 2: Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.</b> |                                                                                                                                                                                                                                                |                                                 |                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| <b>Acción 1</b>                                                                                                        | <b>QUE ME VAS CONTAR! (1º ESO)</b>                                                                                                                                                                                                             |                                                 |                                                 |
|                                                                                                                        | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                         |                                                 |                                                 |
|                                                                                                                        | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                | <b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> | <b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>                                                                                                       | Traballárase a expresión oral diante do grupo para mellorar a competencia lingüística oral e gañar confianza en si mesmos.                                                                                                                     |                                                 |                                                 |
| <b>Responsables</b>                                                                                                    | Profesora de Lingua Galega de ESO                                                                                                                                                                                                              |                                                 |                                                 |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                                                            | Páxinas web adecuadas para recabar información, encerado da aula...                                                                                                                                                                            |                                                 |                                                 |
| <b>Acción 2</b>                                                                                                        | <b>MOMOI PROXECTO GLOBALIZADO DE EDUCACIÓN INFANTIL</b>                                                                                                                                                                                        |                                                 |                                                 |
|                                                                                                                        | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                         |                                                 |                                                 |
|                                                                                                                        | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                | <b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> | <b>3º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>                                                                                                       | Proxecto globalizado en Lingua galega co que se pretende que os alumnos e alumnas se inicien no vocabulario, na expresión, na comprensión e na dinamización da lingua galega. Procuraremos adicar todos os días un tempo á conversa en galego. |                                                 |                                                 |
| <b>Responsables</b>                                                                                                    | Profesores de educación infantil                                                                                                                                                                                                               |                                                 |                                                 |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                                                            | Contos, cancións, tarxetas de vocabulario, material funxible, outros recursos...                                                                                                                                                               |                                                 |                                                 |

|                             |                                                                                                         |                                      |                                      |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>Acción 3</b>             | <b>A PALABRA DO OUTONO (2º de ed. primaria)</b>                                                         |                                      |                                      |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                  |                                      |                                      |
|                             | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>                                                         | <b>2º T</b> <input type="checkbox"/> | <b>3º T</b> <input type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>            | Traballárase en cada sesión cunha palabra relacionada co outono. Seguirase para isto a orde alfabética. |                                      |                                      |
| <b>Responsables</b>         | Profesora titora de 2º de ed. primaria                                                                  |                                      |                                      |
| <b>Recursos e materiais</b> | Recursos dixitais, contos, cancións, dicionarios...                                                     |                                      |                                      |

|                  |                                                                                                                             |  |  |
|------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|
| <b>Acción 4</b>  | <b>COMPARACIÓN DE XÉNEROS EN LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA (2º de ESO)</b>                                                 |  |  |
|                  | <b>Temporalización</b>                                                                                                      |  |  |
|                  | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>                                                                             |  |  |
| <b>Indicador</b> | O alumnado fará unha comparación de palabras nas que cambia o xénero nas dúas linguas a través dunha dinámica manipulativa. |  |  |

|                             |                                     |
|-----------------------------|-------------------------------------|
| <b>Responsables</b>         | Profesora de Lingua Castelá de ESO. |
| <b>Recursos e materiais</b> | Libro de texto, páxinas web...      |

| <b>Obxectivo 3: Fomentar a afección pola lectura en galego.</b> |                                                                           |                                                 |                                      |
|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>Acción 1</b>                                                 | <b>BOOKTUBER</b> (6º de ed. primaria)                                     |                                                 |                                      |
|                                                                 | <b>Temporalización</b>                                                    |                                                 |                                      |
|                                                                 | <b>1º T</b> <input type="checkbox"/>                                      | <b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> | <b>3º T</b> <input type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>                                                | Elaboración de vídeos valorando e recomendando a lectura de libros amenos |                                                 |                                      |
| <b>Responsables</b>                                             | Profesora titora de 6º de ed. primaria                                    |                                                 |                                      |
| <b>Recursos e materiais</b>                                     | Móbil para gravar e libros de lectura.                                    |                                                 |                                      |

|                             |                                                                                                        |                                                 |                                                 |
|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| <b>Acción 2</b>             | <b>LECTURA COMPARTIDA EN FAMILIA</b> (1º de ed. primaria)                                              |                                                 |                                                 |
|                             | <b>Temporalización</b>                                                                                 |                                                 |                                                 |
|                             | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/>                                                        | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> | <b>1º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>            | Traballarse en cada sesión cunha palabra relacionada co outono. Seguirase para isto a orde alfabética. |                                                 |                                                 |
| <b>Responsables</b>         | Profesora titora de 1º de ed. primaria                                                                 |                                                 |                                                 |
| <b>Recursos e materiais</b> | Recursos dixitais, contos, cancións, dicionarios...                                                    |                                                 |                                                 |

| <b>Obxectivo 4: Promover o coñecemento da contorna inmediata.</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                 |                                      |
|-------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------------------|
| <b>Acción 1</b>                                                   | <b>DA MIÑA CASA AO UNIVERSO</b> (2º de ed. primaria)                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                 |                                      |
|                                                                   | <b>Temporalización</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                 |                                      |
|                                                                   | <b>1º T</b> <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>2º T</b> <input checked="" type="checkbox"/> | <b>3º T</b> <input type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>                                                  | Pártese da realidade máis próxima: a nosa casa, a nosa rúa, a nosa aldea, a nosa parroquia, o noso concello, a nosa provincia, a nosa comunidade, o noso país, o noso continente, o noso planeta, o sistema solar e chégase ao universo. Neste caso non quedamos na contorna inmediata e expandimos os límites ata o infinito. |                                                 |                                      |
| <b>Responsables</b>                                               | Profesora titora de ed. primaria                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                 |                                      |
| <b>Recursos e materiais</b>                                       | Material funxible, vídeos...                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                 |                                      |

| <b>Obxectivo 5: Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional,etc. que promovan a lingua e a cultura galegas.</b> |                                                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------|
| <b>Acción 1</b>                                                                                                                                                                         | <b>CERTAME DE REGUEIFAS DO MORRAZO</b> (2º de ESO) |
|                                                                                                                                                                                         | <b>Temporalización</b>                             |

|                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                               |                               |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|-------------------------------|
|                             | 1º T <input checked="" type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                               | 2º T <input type="checkbox"/> | 3º T <input type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>            | Os alumnos participarán no <b>certame de Regueifas</b> organizado polo Concello de Cangas, para o cal <b>un regueifeiro famoso realizará dous obradoiros previos no colexio</b> . Os alumnos e alumnas seleccionados irán regueifar con outros colexios ao auditorio de Cangas. |                               |                               |
| <b>Responsables</b>         | Profesora de lingua galega de ESO                                                                                                                                                                                                                                               |                               |                               |
| <b>Recursos e materiais</b> | Encerado e material funxible.                                                                                                                                                                                                                                                   |                               |                               |

| Obxectivo 6: Fomentar a creatividade e espertar a sensibilidade artística do alumnado con actividades en galego. |                                                                                          |                                          |                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Acción 1</b>                                                                                                  | <b>FACEMOS TEATRO</b>                                                                    |                                          |                                          |
|                                                                                                                  | <b>Temporalización</b>                                                                   |                                          |                                          |
|                                                                                                                  | 1º T <input checked="" type="checkbox"/>                                                 | 2º T <input checked="" type="checkbox"/> | 3º T <input checked="" type="checkbox"/> |
| <b>Indicador</b>                                                                                                 | <b>Montaxe dunha obra teatral con alumnos de ESO</b>                                     |                                          |                                          |
| <b>Responsables</b>                                                                                              | profesora de Lingua galega de ESO                                                        |                                          |                                          |
| <b>Recursos e materiais</b>                                                                                      | Todos os recursos necesarios para traballar en teatro ( elementos de atrezzo, roupa...). |                                          |                                          |

## 16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

| Nome Xefe/a                       |                         |
|-----------------------------------|-------------------------|
| Celsa M <sup>a</sup> Otero Míguez |                         |
| Nome membros                      | Nivel/Especialidade     |
| María Iglesias Rodríguez          | PT                      |
| Guadalupe Rial Rial               | Coordinadora E.I.       |
| Pilar Bastón Dacosta              | Coordinadora 1ºCiclo EP |
| María Iglesias Rodríguez          | Coordinadora 2ºCiclo EP |
| Esther García Bermúdez            | Coordinadora 3ºCiclo EP |
| Jose Francisco Ferrer Arambarri   | Coordinador 1ºCiclo ESO |
| Beatriz Malvido Hermelo           | Coordinador 2ºCiclo ESO |

#### 16.2. **ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.**

Para elo terase en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a información da anterior etapa educativa e dos orientadores escolares As referencias ao alumnado deben ser xerais, non nominais.

O centro conta con alumnado de todo o ensino obrigatorio e cómpre de medidas de atención a diversidade que aseguren e posibiliten unha axeitada resposta educativa ás súas necesidades, ben mediante unha intervención directa, ben facilitándolle recursos e estratexias que incidan nos ámbitos onde manifesten a súa diversidade e propios procesos de ensino aprendizaxe.

Entre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo atópase escolarizado alumnado con Trastorno Xeneralizado do desenvolvemento e Trastorno do Espectro do Autismo. Asemade, están escolarizados en distintos niveis alumnos diagnosticados de Trastorno por Déficit de Atención e/ou Hiperactividade, con necesidades específicas de apoio educativo derivado de altas capacidades, con necesidades específicas derivadas de enfermidade crónica e alumnos con necesidades específicas de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo.

No centro escolarízanse ademais, alumnos/as que debido as súas dificultades de aprendizaxe requiren de adaptación curricular (7 ACS este curso), atención Individualizada e reforzo educativo, sendo atendidos tamén por unha especialista en Pedagogía Terapéutica, unha especialista en Audición e linguaxe e por profesorado con dispoñibilidade horaria.

#### 16.3. **PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

Segundo o Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orden 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en dous tipos:

**Medidas ordinarias**, que son aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado: precisará unha avaliación inicial de tódolos alumnos, que xunto cos informes finais de ciclo, e a revisión do expediente persoal de cada alumno, proporcionará información inicial para tratar de superar as dificultades iniciais do alumnado.

b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e outras que promovan a inclusión.

d) Adaptación dos instrumentos e dos tempos de avaliación.

e) Aulas de atención educativa e convivencia e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: o profesorado que conte con dispoñibilidade horaria, poderá dar reforzo educativo naqueles grupos que previamente se teña informado que o precisen, sempre e cando as necesidades que presenten non precisen dunha avaliación psicopedagóxica. Para eso habería que:

1. Determinar aqueles alumnos que necesitan un reforzo/ apoio educativo por parte do titor.
2. Reunión co DO para facer unha listaxe dos alumnos con estas necesidades.
3. Establecer en que áreas ou materias foran necesarios eses reforzos.
4. Determinar se eses apoios serían individuais ou en grupo.
5. Tendo en conta as horas dispoñibles do profesorado, establecer os reforzos.
6. Reunión do titor, o profesor que vaia dar apoio no curso para planificar as actuacións destes apoios.

h) Programas de enriquecemento curricular.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de educación emocional e habilidades sociais.

**Medidas extraordinarias** todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios que precisarán autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación:

**Adaptacións curriculares:**

Consisten, basicamente, na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

O seu deseño e desenvolvemento, será responsabilidade do/a titor/a, e dos profesionais que imparten a área ou materia a/o alumno/a, a colaboración de tódolos profesionais que participen na atención a/o alumno/a e coa colaboración da orientadora.

Será precisa avaliación e diagnóstico previo de cada alumno/a. Realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Precisa autorización da Inspección Educativa.

No centro actualmente hai **7** alumnos/as con adaptacións curriculares.

**Apoio do profesorado de PT/AL:**

A xefa do Departamento de Orientación elevará á Dirección, proposta de organización dos apoios específicos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, despois de atender as demandas feitas polo profesorado.

Teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.

Atenderase preferentemente ao alumnado obxecto dunha AC.

#### **16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN S MENSUAIS DE SEGUIMIENTO DE ALUMNADO**

(incluír tamén o alumnado con reforzo educativo)

| Actuación                                                                                                                               | Responsables                                                                 | Temporalización |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| Coordinación do Departamento de orientación e o profesorado. Información sobre o alumnado que presenta necesidades específicas de apoio | Departamento de orientación.<br>Xefa de estudos.<br>Titores.<br>Profesorado. | Setembro        |

|                                                                                                                             |                                                                                |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| educativo en cada grupo e as medidas ordinarias ou extraordinarias, no seu caso, consideradas máis axeitadas a desenvolver. |                                                                                |                    |
| Elaboración da listaxe de alumnado con necesidade específica de apoio educativo.                                            | Xefatura do departamento de orientación.                                       | Setembro           |
| Organización das actuacións que desenvolverán os mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.                    | Xefatura do departamento de orientación.<br>PT/AL                              | Setembro           |
| Elaboración dos Programas de Intervención do alumnado atendido por PT/AL.                                                   | Xefatura do departamento de orientación.<br>PT/AL                              | Setembro           |
| Colaboración na xestión das axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.                            | Directora.<br>Xefatura do departamento de orientación.                         | Setembro           |
| Avaliación Inicial                                                                                                          | Directora.<br>Xefa de estudos.<br>Profesorado.<br>Departamento de orientación. | Setembro           |
| Seguemento do alumnado que recibiu reforzo educativo o curso pasado.                                                        | Profesorado.<br>Departamento de orientación.                                   | Setembro           |
| Seguemento do alumnado que recibe reforzo educativo este curso.                                                             | Profesorado.<br>Departamento de orientación.                                   | Setembro- Xuño     |
| Plan de reforzo para alumnado que pase de curso con materias pendentes.                                                     | Directora.<br>Profesorado.<br>Departamento de orientación.                     | Setembro           |
| Plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso                                      | Directora.<br>Profesorado.<br>Departamento de orientación.                     | Setembro           |
| Participación na selección do alumnado no programa PROA                                                                     | Xefa do departameto de orientación                                             | Setembro           |
| Alumnado con exención da segunda lingua estranxeira.                                                                        | Xefa do departameto de orientación.<br>Titores.                                | Setembro- Outubro  |
| Elaboración das adaptacións curriculares                                                                                    | Profesorado.<br>Departamento de orientación.                                   | Setembro- Novembro |
| Coordinación da actuación do profesional contratado para impartir PROA                                                      | Xefa do departameto de orientación                                             | Outubro- Maio      |

|                                                                                                                                                                                     |                                                 |                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------|
